



---

RECURSOS PARA A DOCENCIA

# Principais novidades no Campus Virtual da USC

Moodle 4.1

# Inicio

Tras acceder ao Campus Virtual amosarase a páxina de inicio, que dispón dun novo menú superior cos accesos á listade de **Os meus cursos**, que reempraza ao bloque de navegación previamente dispoñible.

Na zona dereita amósase o nome de usuario, as notificacións, a mensaxería interna e o acceso ao “*Modo edición*”, se dispoñemos dos permisos adecuados.

**USC** UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Inicio Taboleiro **Os meus cursos**

Vostede accedeu como Profesor Ficticio

Modo de edición

## Campus Virtual

O Campus Virtual é a plataforma baseada en Moodle que proporciona a contorna educativa virtual institucional ao proceso de ensino-aprendizaxe na Universidade de Santiago de Compostela.

Nas seccións de **profesorado** e **alumnado** dispós de máis información.

Avisos e novidades do Campus Virtual

**Documentación para o profesorado**

Recursos para a docencia

# Os meus cursos


A sección **Os meus cursos** amosa todas as aulas dispoñibles no perfil de usuario

The screenshot displays the 'Os meus cursos' section of the USC Campus Virtual interface. At the top, there is a navigation bar with 'Inicio', 'Taboleiro', and 'Os meus cursos' (highlighted with a red box). The user is logged in as 'Profesor Ficticio'. Below the navigation bar, the section title 'Os meus cursos' is followed by 'Vista xeral do curso'. A filter bar contains 'Todo' (dropdown), 'Buscar' (input), 'Ordenar polo nome do curso' (dropdown), and 'Tarxeta' (dropdown). The main area shows a grid of six course cards. The cards are: 1. 'Materia Ficticia [G123456] [2022/2023] Grao'; 2. '★ Aula de grao [G567890] [2023/2024] Grao'; 3. 'Aula de probas do Profesor Ficticio #01 Aulas de probas'; 4. 'Materia Híbrida [G123456] [2022/2023] Grao'; 5. 'Aula de Probas CFP Aulas de probas Agochar para os alumnos'; 6. '★ Materia Ficticia [G123456] [2023/2024] Grao Agochar para os alumnos' (with 'Agochar para os alumnos' highlighted by a red box). At the bottom, there is a pagination bar with 'Amosar 12' (dropdown) and navigation arrows. A help icon (?) is visible in the bottom right corner.

Se o número de cursos é elevado, na parte inferior está dispoñible unha paxinación que permite percorrer a listaxe de cursos en bloques de 12 elementos.

Esta listaxe tamén amosa que aulas non están dispoñibles para os estudantes.

Na parte superior da listaxe está dispoñible unha serie de filtros que permite seleccionar que cursos serán amosados.



### • Filtro “Todo”

Amosa e filtra os cursos segundo o seu estado.

Os estados **Destacado** e **Arquivado** permiten resaltar os cursos que queremos ter nun acceso rápido ou arquivar aqueles en desuso que non desexamos que se amosen na listaxe principal. Podemos cambiar o estado dos cursos empregando a icona de tres puntos situada na tarxeta de cada curso. Esta configuración é persoal e non afecta á visibilidade ou dispoñibilidade dos cursos.

Os estados “Avanzando, Futuros e Pasados” só atinxen a cursos nos que a estea marcada a data de fin e inclúan condicións de finalización a través do completado de actividade. Esta configuración está desactivada por defecto nas aulas virtuais.

### • Filtro “Buscar”

Permite **localizar as aulas por nome, código ou ano académico**. A primeira vez que entramos podemos buscar por ano (por exemplo: 2024) para seleccionar as aulas do curso académico actual e destacalas

### • Filtro “Ordenar”


Define a orde en que se amosan os cursos na listaxe, por nome de curso ou por data do último acceso.

### • Filtro “Tarjeta”


Permite cambiar a aparencia da listaxe, en forma de Tarjeta ou de Lista.

# Curso: Navegación

Os cursos están formados por tres seccións: a parte central, que amosa os contidos; un menú de navegación, no lateral esquerdo; e un conxunto de bloques con información adicional, no lateral dereito. As seccións laterais e os temas poden ocultarse e amosarse.



The screenshot shows the top navigation bar with the USC logo, 'Inicio', 'Taboleiro', and 'Os meus cursos'. The user is logged in as 'Profesor Ficticio'. The main content area displays 'Curso 2023/2024 / Grao' and 'Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]'. A list of topics is shown on the left, with 'Xeral' and 'Tema 1' through 'Tema 4' highlighted by a red box. The 'Expandir todo' link is visible on the right.



The screenshot shows the course navigation interface with a sidebar on the left and a calendar on the right. The sidebar contains a list of topics: 'Xeral', 'Anuncios', 'Tema 1', 'Tema 2', 'Tema 3', and 'Tema 4'. The main content area displays 'Curso 2023/2024 / Grao' and 'Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]'. The 'Xeral' section is expanded, showing an 'Anuncios' block. The calendar on the right shows the month of September 2023, with the 7th highlighted. The 'Últimas noticias' section shows a notification about a new topic.

# Curso: Modo de edición

O **Modo de edición** habilita a edición de contido naquelas aulas onde dispoñamos dos permisos adecuados.

The screenshot displays the USC course management interface in edit mode. The top navigation bar includes 'Inicio', 'Taboleiro', and 'Os meus cursos'. The user is logged in as 'Profesor Ficticio'. The course title is 'Materia Ficticia [G123456] [2023/2024]'. The interface is divided into sections: 'Xeral', 'Tema 1', 'Tema 2', and 'Tema 3'. Each section has a 'FORO Anuncios' icon and a '+ Engadir unha actividade ou un recurso' button. A context menu is open over the 'Xeral' section, showing options like 'Editar os axustes', 'Mover', 'Mover cara á dereita', 'Agochar', 'Duplicado', and 'Eliminar'. The 'Engadir tema' button is also visible at the bottom of each section.

Coa edición activa, na parte central están dispoñibles as opcións **Engadir un tema** e **Engadir unha actividade ou un recurso**, que permiten incorporar novos contidos.

Tamén é posible **editar os temas e contidos existentes** empregando as iconas cos tres puntos.

O bloque de navegación situado lateral esquerdo permite cambiar a orde dos elementos existentes mediante *arrastrar e soltar*.


A barra de administración situada baixo o nome da aula habilita o acceso a funcións adicionais da configuración do curso:



Destacan entre outras, o acceso á lista de **Participantes** e á creación de grupos, ao libro de **Cualificacións** e aos **Informes** e estatísticas da aula.

As opcións para facer unha copia de seguridade, importación ou restauración están dispoñibles na sección “*Máis > Reutilizar o curso*”.

Baixo a sección **Axustes** é posible **agochar ou amosar o curso** aos estudantes.





---

**Centro de Formación de Persoal**  
Setembro de 2023

---

<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/centro-formacion-persoal>